

ASISTENTES

Casas Rodríguez, Diego (EST.)
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)
Garrido Suárez, Carlos (PDI-A)
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
González Santamaría, Pedro (PDI-B)
Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Novás Míguez, Javier (PAS)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 10 de decembro de dous mil vinte un, convocada ás 09:00 h. en única convocatoria.

O día **10 de decembro de 2021** ás 09:00 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do xoves 21 de outubro do 2021.

O reitor indica que non se recibiron alegacións á acta enviada, polo que pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta.

2. Modificación, se procede, do artigo 3.2º do Regulamento electoral.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que pasa a expoñer en que consiste a modificación. Á vista de que o artigo 3.2º do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo sinala o seguinte:

2. Ningunha persoa poderá ter a condición de electora en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. Neste caso debe optar polo sector ou circunscrición no que desexe participar na votación mediante un escrito, no período de reclamacións ao censo, ante a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo corresponda. (...)

Á vista de que a adscrición por circunscrición xa conta cunha norma específica no artigo 15 do Regulamento, e á vista de que, segundo una consulta recibida a este respecto, de manterse a referencia ñas circunscricións no artigo 3.2º pode xerar confusión e, dado que a mesma resulta supérflua, ao contar cunha regulación específica no artigo 15, polo exposto, o Secretario Xeral propoñe aos membros da Comisión Electoral suprimir a referencia ás circunscricións no segundo inciso do artigo 3.2º do Regulamento Electoral Xeral, de xeito que quede como sigue:

2. Ningunha persoa poderá ter a condición de electora en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais, debendo optar polo sector no que desexe participar na votación mediante un escrito, no período de reclamacións ao censo, ante a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo corresponda. (...).

3. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:20 h do día 10 de decembro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral